



**Unha ruta polo porno?**

É unha realidade que, directa ou indirectamente, **levamos anos educándonos sexualmente a través do porno**. E semella que cada vez máis!

**Sabías que o primeiro contacto co porno na actualidade sitúase nos 8 anos de idade?**

▶ **PERO, POR QUE O PORNO ESTÁ TAN PRESENTE NAS NOSAS VIDAS?**

**Vexamos...**

### 1— É MOI FÁCIL ACCEDER.

Ás veces, incluso sen buscalo, aparece nas nosas pantallas, sen restricións de idade, de balde, **sen límites**.



### 2— ESPERTA CURIOSIDADE

O sexo interézanos moito. Vaia... pois a cantidade de información que recibimos (*nula!*) non ten nada que ver co interese que lle temos.

Segue a ser un pouco tabú, así que non é un tema que se fale con naturalidade na casa ou na clase. **E que pasa cando algo é tabú?**



1. Dá morbo, e o morbo, aumenta a curiosidade. Círculo vicioso.
2. Alguén vai ir correndo cubrir un buraco que tanto interese esperta, porque... *clin clin*, o interese tradúcese en cartos. E ese buraco, cubriuno o porno.

**Agora o porno é o noso principal axente educador sexual!**

### 3— ENGANCHA

**Por que?** Pois porque xera dopamina, ese neurotransmisor que xera placer. A mesma que cando comemos chocolate, abrazamos un can ou namoramos. Si, esa!

E como ao cerebro lle encanta, rapidamente aprende que o porno é unha forma sinxela e de fácil acceso para obter pracer (dopamina!)



4— A cousa é que o noso cerebro tamén buscará estímulos cada vez máis e máis fortes, como coas drogas; chega un momento no que as pequenas doses non sacian, e consúmese máis, máis veces, máis cantidade, máis potencia. Entendes?

**TACHÁN! Velai por que está tan presente nas nosas vidas.**

**Continuamos coa ruta?**

### 5— VALE, PERO É S-E-X-O. Algo natural.

**Cal é o problema co porno?** Aí vai a pregunta do millón:

**Que clase de sexo mostran no porno?**

Pensa en todas as tramas que queiras, pero aí che vai o resumo:

**Homes que disfrutan sometendo, dominando e violentando ás mulleres.**

**E mulleres, ás que semella gustarlles iso. Ou non?**

### 6—

As escenas máis numerosas son aquelas que vinculan o pracer coa dor. **A dor das mulleres, claro.**

Por exemplo, vense planos nos que, para "*facelas disfrutar*", exércense violencias físicas... e elas, transmiten que lles gusta ser agredidas.

### 7—

Fáisenos entender que as mulleres disfrutan sexualmente a través da humillación, a cousificación e a violencia, lanzando mensaxes confusos sobre o consentimento.

**Erotízase a agresión sexual!**

### 8—

O problema é que o noso cerebro tamén acaba por relacionar pracer con dor e con agresión, e nelas remata por buscar directamente o pracer.

**O porno está a normalizar as agresións sexuais, non cres?**

### 9— PENSEMOS EN TI...

**E a ti, que te pon?**

Que lle pon ás persoas coas que te relacionas? E ao resto de colegas?

Pensas que os gustos no sexo son "algo propio" e nada teñen que ver co "social"?

**Síntoo, pero non, bonito pero incerto.** O que nos xera pracer está estreitamente relacionado co que socialmente se nos di que xera pracer.





**10** — RESPÓNDETE:

De verdade que precisas ver vídeos onde se humilla e agride a mulleres para excitarte?

A boa nova é que podemos cortar a corda e construír unha cultura afastada da erotización da violencia!

Hai unha sexualidade máis sa, plena e satisfactoria alén da cultura do porno: **a cultura do consentimento.**




**11** — EI, QUE EU NON VEXO PORNO!

Sinto dicirche que non é necesario ver porno para que o porno inflúa na nosa vida sexual. O porno edúcanos directa ou indirectamente. É o que se coñece como pornificación da sociedade ou cultura do porno.

Aínda que non consumas porno... pensa nel como **un mega influencer** a quen non sigues pero do que sabes polo que che contan. Póñense de moda unhas zapatillas que usa, un refresco que bebe, un xogo, ata mesmamente expresións. Ao final rematas por coñecelo incluso sen coñecelo. **Entendes?**

**O porno, igual.**





**O porno  
NON É SEXO.**

**O porno,  
É VIOLENCIA.**



Concello de  Oleiros

